

1. Líder BASKET

FELICES FESTAS



O baloncesto base lucense despediu o 2019, un ano cargado de esforzo, compromiso, ilusión e éxitos. Chega o turno de disfrutar do Nadal para volver con forzas e rematar unha tempada que promete volver ser un espectáculo cada fin de semana, na que LÍDER BASKET, seguirá plasmando os soños feitos realidade

ENSINO		PELETEIRO	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Maite	7	Eiroa	10
Eva	10	Losdada	20
Alba	8	Gil	18
Matea	9	Lamas	4
Natalia M.	5	Tabora	3
Catuxa		Leza	2
Carmen	5	Silvia	
Elena	5	Fernández	
Paula	5	Gómez	
Laura		Pardo	

O infortunio cebouse co Ensino no desenlace final

CRUEL DERROTA ANTE PELETEIRO nun encontro que as de Miguel López gañaban por 11 puntos mediado o último cuarto, no que caeron cun último parcial de 0-15

"INEXPLICABLE LO SUCEDIDO EN LOS ÚLTIMOS 6 MINUTOS, EN LOS QUE ENCAJAMOS UN PARCIAL DE 0-15 CUANDO TENÍAMOS EL PARTIDO CONTROLADO"

MIGUEL LÓPEZ - Ensino

O Durán Maquinaria Ensino da Liga Galega junior feminina foi o único equipo lucense que disputou a última xornada do 2019. O conxunto que dirixe Miguel López salvouse da suspensión de todos os encontros programados para o sábado polo temporal ao xogar o domingo.

O punto e final ao 2019 era esixente, ao recibir a un sempre competitivo Peleteiro, pero a dinámica das lucenses invitaba ao optimismo.

Cara a cara para despedir o ano entre dous dos mellores equipos da competición, e o encontro estivo á altura das expectativas desde os primeiros minutos, nos que

os ataques impuxéronse ás defensas.

O primeiro cuarto finalizou con 18-20, mentres que no segundo a defensa do Ensino conseguiu dar un paso á fronte e con iso secar a un Peleteiro que se quedou en 7 puntos nos segundos dez minutos, nos que a carga de faltas en xogadoras determinantes foi o único lunar para un Ensino que chegou ao descanso mandando no marcador, 33-27.

Trala tregua do intermedio os dous equipos volveron saltar á pista con moitísimo ritmo na segunda parte. Ensino tiña o partido controlado, sempre por diante no marcador, con boas defensas e movendo ben o balón ata atopar tiros liberados. Unha dinámica que continuou ao comezo do último cuarto, chegando aos últimos seis minutos cunha renda máxima de 11 puntos, 53-42.

A partir de aí, un



A ensinista Maite rodeada de xogadoras compostelás



Carmen Leboreiro adentrándose na pintura

cúmulo de contratempos, de desconexión ofensiva e ofensiva, deron vida a un Peleteiro que ademais tivo a fortuna de cara nunha última xogada na que un resbalón terminou condenando ao Ensino a unha dura derrota, sobre todo pola forma na que se produciu no sprint final do encontro.

+11

A 6:04 DO FINAL DO PARTIDO O Ensino tiña controlado o encontro co momentáneo 53-42 de cara ao desenlace final dun duelo que rematou cun cruel desenlace final para as lucenses



Alba protexe a posesión de costas a unha xogadora rival



Elena baixo o aro a piques de lanzar a canastra

JUNIOR 1ª DIV. FEMENINO

RESULTADOS

B. Coruña - Carmelitas	51-48
Rosalía - Celta Zorka	Apr.
Estudiantes - C. Mariano	Apr.
Ensino - Peleteiro	53-57
C. Artabra - C. Maria	51-58
Cortegada - Bosco	Apr.

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PELETEIRO	10	9	1	0	625	481
CELTA ZORKA	8	8	0	0	623	338
ENSINO	9	7	2	0	611	467
COLEXIO MARIANO	9	7	2	0	534	476
ROSALIA	9	6	3	0	601	477
ESTUDIANTES	9	5	4	0	621	448
BOSCO	9	4	5	0	474	513
BASQUET CORUÑA	10	3	7	0	543	654
COMPANIA MARIA	9	3	6	0	430	545
CARMELITAS	9	2	7	0	364	470
COSTA ARTABRA	10	1	9	0	414	762
CORTEGADA	9	0	9	0	401	610

PRÓXIMA XORNADA

Bosco - B. Coruña
Compañía María - Cortegada
Peleteiro - C. Artabra
Mariano - Ensino
Celta Zorka - Estudiantes
Carmelitas - Rosalía



1. Líder BASKET

CADA MARTES

TODA

A INFORMACIÓN
DO BALONCESTO

BASE LUCENSE

Seis xogadores, dúas xogadoras e un adestrador representarán ao baloncesto lucense en Huelva

JULIÁN LONGARELA, DIEGO SERGUEI, AROA ROJAS, LAURA MARTÍN, DANI GÓMEZ, ÁLVARO RODRÍGUEZ, MIKEL DUCUN, IKER SAMA E JAVI PEINÓ estarán na primeira semana de xaneiro do 2020 nos campionatos de España infantil masculino, feminino e cadete

As listas de seleccionados para representar a Galicia nos campionatos de España cadete e infantil, tanto masculinos como femininos, xa son oficiais, e seis xogadores, dúas xogadoras e un adestrador lucense están entre os elixidos. Os nove representarán ao baloncesto da Provincia a primeira semana de xaneiro do 2020 na Provincial de Huelva, onde se disputan de novo os catro campionatos.

O formato de competición divídese unha edición máis en categoría Especial e Preferente. A selección Galega infantil masculina competirá en Preferente Grupo C, onde os de Javi Peinó, Julián Longarela e Diego Serguei mediránse cos combinados de Castilla a Mancha, ante os que debutarán o venres 3 a partir das 13:30 horas en Palos de la Frontera. O resto dos seus rivais na fase de grupos serán País Vasco, Ceuta e Melilla. O obxectivo dos galegos será o primeiro posto, co que optarían a volver á categoría Especial para o próximo campionato de España.

Infantil feminina

A Selección infantil feminina, que compite na categoría Especial grupo B, terá como rivais a Asturias o venres 3 a partir das 17:30 horas en Huelva, e os seguintes encontros da fase de grupos serán ante Cataluña, Madrid e Illas Baleares. Un calendario complicado do que esperan obter un dos tres primeiros postos para confirmar unha tempada máis a súa presenza na categoría Especial e xogar as eliminatorias polo título.

Cadete masculino

Os cadetes competirán na categoría Especial, encadrados no Grupo A no que debutarán o venres 3 a partir das 9:30 horas ante Valencia en Huelva, nun grupo no que tamén se medirán a Andalucía, País Vasco e Madrid coa intención de estar nas eliminatorias polo título.

SELECCIÓN GALEGA INFANTIL MASCULINO	
XOGADOR	CLUB
DIEGO SERGUEI	Estudiantes
JULIÁN LONGARELA	Maristas L.
MATEO CAMBÓN	CB Artai
ANDRÉ ROMERO	B. School
PABLO FUERTES	Santiago
GAEL TADEO	Peleteiro
ALFIE RIVAS	Obradoiro
LUIS LÓPEZ	Fedesa
NICOLÁS PARADA	Peixegalego
PABLO CASAL	Peixegalego
GABRIEL TOMÉ	Peixegalego
RODRIGO VARELA	Basket BC
MARTÍN ÁLVAREZ	ED Ourense
JORGE LORENZO	Porriño BB
CORPO TÉCNICO	
JAVI PEINÓ	Estudiantes
SERGIO GONZÁLEZ	Seis Nadal
XOEL FOLGUEIRAS	Betanzos

SELECCIÓN GALEGA INFANTIL FEMININA	
XOGADORA	CLUB
AROA ROJAS	Estudiantes
LAURA MARTÍN	Estudiantes
INÉS SOTELO	CD Bosco
CLOE VECINA	CD Bosco
SARA LABRADA	CD Bosco
SOFÍA COMESAÑA	CD Bosco
UXÍA RODRÍGUEZ	CD Bosco
IRENE FREITAS	CD Bosco
IRIS COMESAÑA	CD Bosco
SARA LABRADA	CD Bosco
NAROA MARTÍNEZ	CB Arxil
IRENE NOYA	Cortegada
CLAUDIA LADO	Fedesa
SOFÍA VILLAR	C. Artabra
CORPO TÉCNICO	
NARACY ROJAS	B. Salesianos
SILVIA CAÍÑO	CD Bosco

SELECCIÓN GALEGA CADETE MASCULINO	
XOGADOR	CLUB
DANIEL GÓMEZ	CB Estudiantes
ÁLVARO RÓGUEZ	CB Estudiantes
MIKEL DUCUN	CB Estudiantes
IKER SAMA	Ría de Ribadeo
PABLO TRESANDI	Seis do Nadal
YIMER FAILDE	Seis do Nadal
SIMÓN RIVAS	CB Novobasket
MIGUEL GIL	ADM Peleteiro
ANDRÉS OSORIO	Fedesa
P. HARGUINDEY	Fedesa
FRAN FUENTES	Obradoiro CAB
MATÍAS DÍAZ	Obradoiro CAB
BERTHOLD ELUKU	Obradoiro CAB
VICTOR CUADRADO	CB Culleredo
MARTÍN IGLESÍAS	FC Barcelona
CORPO TÉCNICO	
ÓSCAR DÍAZ	SD Tui
HÉCTOR MÉNDEZ	EB Xiría
ROI VEGA	CB Culleredo



Julián Longarela, do Maristas Lugo



Diego Serguei, do Estudiantes



Aroa Rojas, do Estudiantes



Laura Martín, do Estudiantes



Iker Sama, do Ría de Ribadeo



Dani Gómez, do Estudiantes



Álvaro Rodríguez, do Estudiantes



Mikel Ducun, do Estudiantes



Javi Peinó, do Estudiantes

3

NA SELECCIÓN INFANTIL MASCULINA

Javi Peinó dirixirá ao combinado galego no que tamén están Julián Longarela do Maristas Lugo e Diego Serguei do Estudiantes. Galicia buscará o primeiro posto no seu grupo da categoría Preferente para intentar volver á categoría Especial a próxima tempada. Os rivais serán Castilla a Mancha, País Vasco, Ceuta e Melilla

2

NA SELECCIÓN INFANTIL FEMININA



Aroa Rojas e Laura Martín do Estudiantes Lugo competirán coa Selección Galega infantil feminina na categoría Especial no Grupo B, no que se medirán con Asturias, Illas Baleares, Madrid e Cataluña co obxectivo de alcanzar un dos tres primeiros postos para disputar os cruces polo título e evitar a loita polo descenso

4

NA SELECCIÓN CADETE MASCULINA

Os xogadores do Estudiantes, Dani Gómez, Mikel Ducun e Álvaro Rodríguez, ademais de Iker Sama do Ría de Ribadeo, competirán na categoría Especial no Grupo A no que se medirán con Valencia, Andalucía, País Vasco e Madrid. Un calendario complicado pero no que buscarán unha praza entre os tres primeiros para loitar polo título

O 2019 resumido en 32 p



Un ano máis, Líder Basket acompañou aos equipos lucenses de baloncesto base durante o 2019. Desde xaneiro, seguimos a actualidade dos equipos lucenses tanto nas competicións provinciais como galegas, poñendo en valor o deporte de base e o traballo que os clubs realizan na formación das novas xeracións de xogadores e xogadoras.

por todas as ligas con representacións da Provincia e máis campionatos estatais de xogadoras e xogadores presentes ao longo do ano. Como cada ano, a chegada, chega o momento dos títulos e coa Líder ao Baloncesto Base este 2019 coronamos como MVP. Unha distinción significativa foi a do título de MVP do 16 de abril. O título clasificación de xogadoras e xogadores de España.

As portadas deste ano resaltaron os logros e as ilusións que concentran os esforzos dos deportistas de todas as categorías, desde as concentracións de Babybasket ata a participación dos equipos lucenses nos campionatos estatais, pasando

portadas do Líder Basket



provinciais e gale-
tación de equipos
is polos torneos e
ais no que os xoga-
lucenses estiveron
da temporada.
a final de cada tem-
mento máis emotivo
Gala dos Premios
Base Lucense, no
nou a Zeltia Presas
das portadas máis
dobre que se publi-
GULLO LUCENSE.
dos júnior de Estu-
-ra dos Campionatos

32

NÚMEROS DE LÍDER Cada martes, dende xaneiro a decembro do 2019, publicáronse estes exemplares resumindo cada xornada do baloncesto base lucense nun ano no que Zeltia Presas foi a MVP da tempada. Dende estas páxinas deuse protagonismo aos logros individuais e colectivos dun baloncesto base lucense que vive un dos seus mellores momentos, xa que nunca antes tivo tantos equipos competindo en ligas galegas



Os equipos sarriaos, os mellores da Provincia

OS DOUS CONXUNTOS infantís son os mellor situados na Liga Regular. Saneamientos lidera a táboa, mentres que Castro Agrasar é cuarto

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01

RESULTADOS

Viveiro – Ensino Galén **Apr.**
 Stos. Sarria – KFC BBKA **73-22**
 C.B. Sarria – Baxi Ferrol R **54-46**
 Pontumio – Baxi Ferrol S **54-3**
 Cidade de Lugo – Ensino **Apr.**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
STOS. SARRIA	8	7	1	0	529	258
PONTUMIO	7	7	0	0	412	123
BAXI FERROL S	7	4	3	0	323	293
C.B. SARRIA	7	4	3	0	279	318
CB VIVEIRO	7	4	3	0	321	387
FRANCISCANOS	7	3	4	0	309	396
ENSINO LUGO 06	6	3	3	0	345	300
CIDADE DE LUGO	6	3	3	0	262	318
KFC BBKA	6	2	4	0	317	339
BAXI FERROL R	7	1	6	0	349	460
ENSINO GALÉN	7	0	7	0	194	397

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén – Ensino Lugo 06
 Baxi Ferrol S – Cidade de Lugo
 Baxi Ferrol R – Pontumio
 KFC BBKA – C.B. Sarria
 Franciscanos – Stos. Sarria

xornada. Saneamientos, lider da categoría, superou a KFC BBKA por 73-22, mentres que Castro Agrasar impúxose a Baxi Ferrol por 54-46.

As de primeiro ano inauguraron a tarde do domingo no Novo Chanto, nun igualado e entretido encontro con alternancias no marcador, que finalmente se levaron as sarriás tras chegar ao descanso por debaixo no marcador.

Na segunda metade Castro Agrasar empleouse a fondo e, nun emocionante último cuarto, cos dous equipos coas espadas en alto, puideron sumar o cuarto triunfo deste curso co definitivo 54-46.

Saneamientos Sarria fixo o propio ante KFC, nun partido moi com-



Maisa López dando instrucións ás súas xogadoras

pleto no que non deron opción ao conxunto ferrolán, mostrando o seu potencial anotador para pechar o marcador no terceiro cuarto co definitivo 73-22.

Tralo parón de Nadal, a competición infantil feminina volverá a fin de semana do 11 de Xaneiro.

1º

SANEAMIENTOS SARRIA

As amarelas finalizan o 2019 no máis alto da táboa, con 7 vitorias e unha derrota, tras impoñerse nesta xornada a KFC BBKA por 73-22



A xogadora sarriá Lúa Río coa pelota na pintura



Noa López. Castro Agrasar, nun encontro no Anexo

Os dous equipos foron ademais os únicos da Provincia que disputaron os seus encontros desta



O ribadense Javi pasándolle o balón a Diego



Pedro mira o aro aproveitando un bloqueo de Juan



Juan, 29 puntos, foi o máximo anotador do encontro

O físico mariño impúxose no Novo Chanto

NO ÚNICO ENCONTRO DISPUTADO esta xornada, CB Ribadeo levouse o triunfo ante IF Podología para pechar o 2019 no máis alto da táboa



Jose Vázquez felicita aos seus nun encontro no Anexo

Trala suspensión de tódolos encontros da xornada do sábado, o único programado para o domingo era o IF Podología – Ría de Ribadeo, un duelo da zona alta da táboa que rematou con triunfo mariño, para así pechar os de Jose Vázquez o 2019 como líderes, cun partido máis que Franciscanos, segundo clasificado.

CB Ribadeo comezou marcando o ritmo xa no primeiro cuarto, cun gran parcial en defensa no que deixaron a Sarria, que chegaba ao encontro con varias baixas, en só 7 puntos, por 17 dos mariños. No segundo a intensidade defensiva do cadro visitante baixou, así, IF Podología aproveitouno para manter as distancias e non permitir que Ribadeo se marchase no marcador, 22-33 ao descanso con

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

RESULTADOS

Cidade de Lugo – Sagrado **Apr.**
 Estudiantes – Franciscanos **Apr.**
 Ensino Galén – C.B. Sarria **Apr.**
 IF C.B. Sarria – CB Ribadeo **44-76**
 Viveiro – Mariña Burela **Apr.**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
RIA DE RIBADEO	9	8	1	0	554	271
FRANCISCANOS	8	7	1	0	505	356
IF C.B. SARRIA	9	6	3	0	549	415
A. X. SAGRADO	8	6	2	0	527	265
CIDADE DE LUGO	8	5	3	0	405	289
MARIÑA BURELA	8	4	4	0	522	451
CARFERLO VIVEIRO	8	3	5	0	257	387
ENSINO GALÉN	8	1	7	0	205	505
ESTUDIANTES	8	1	7	0	245	490
MGR C.B. SARRIA	8	0	8	0	149	489

PRÓXIMA XORNADA

Ría de Ribadeo – A.X. Sagrado
 IF C.B. Sarria – Carferlo Viveiro
 Mariña Burela – MGR C.B. Sarria
 Ensino Galén – Franciscanos
 Estudiantes – Cidade de Lugo

anotador coma asistindo aos seus compañeiros, para deixar o marcador nun 32-63 co que o encontro quedaba visto para sentenza de cara aos últimos dez minutos, nos que as diferenzas se mantiveron ata o final, 44-76 para un CB Ribadeo que remata o 2019 no máis alto da táboa e que volverá á competición a fin de semana do 11 de Xaneiro fronte a Sagrado Corazón, na que será a primeira xornada da segunda volta.

8

TRIUNFOS

E unha soa derrota para CB Ribadeo trala conclusión da primeira volta da competición. Os mariños lideran a táboa por diante de Franciscanos, cun partido menos

todo por decidir de cara á segunda metade.

Tralo paso polos vestiarios o encontro rompeuse cun gran Jorge, que selou un gran cuarto, tanto no seu rexistro



A laurentina Rebeca por diante de Ángela



Adriana inicia unha xogada defendida por Celia



Carmela, Franciscanos, presionando a Sara

Un gran último cuarto deulle a vitoria ao Lourenza no Anexo

TERCEIRO TRIUNFO DA TEMPORADA para as laurentinas, que se impuxeron a Franciscanos no único encontro da categoría na Provincia

CADETE 2ª DIV. FEMININO RESULTADOS

Galén - Ensino	Apr. 62-52
Baxi Ferrol - Pontumio	Apr. 40-46
BBCA - Estudiantes	Apr. 40-46
Franciscanos - Lourenzá	Apr. 40-46
Viveiro - Burela	Apr. 40-46

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BAXI FERROL	8	8	0	0	600	325
ENSINO LUGO	8	8	0	0	557	338
PONTUMIO	8	6	2	0	456	355
KFC BBCA	7	5	2	0	333	309
LOURENZÁ	8	3	5	0	318	449
TIRSO DE MOLINA	8	3	5	0	369	435
ESTUDIANTES	7	3	4	0	419	376
FRANCISCANOS	8	2	6	0	354	451
BURELA	7	2	5	0	322	383
VIVEIRO	7	2	5	0	333	410
ENSINO GALEN	8	0	8	0	270	500

PRÓXIMA XORNADA

Galén - Burela
Lourenzá - Viveiro
Estudiantes - Franciscanos
Pontumio - KFC BBCA
Tirso de Molina - B. Ferrol

Un partido de máxima igualdade, entre dous equipos da parte baixa da táboa, con dous triunfos cada un, rematou con vitoria visitante, que supuxo a terceira do curso para Lourenzá, tras catro xornadas sen sumar.

De inicio Franciscanos entrou mellor e logrou as primeiras vantaxes no cuarto inicial, 13-7. A partir do segundo Lourenzá comezou a atoparse mellor e conseguiu recortar distancias para chegar ao descanso 23-18, con todo por decidir de cara á segunda metade.

As laurentinas seguiron acercándose no marcador

e aos últimos dez minutos chegouse cun 34-31 no electrónico. Franciscanos chegou a irse de 5 puntos, pero unha gran presión das visitantes, cun último parcial de 0-11, deu o triunfo a Lourenzá para pechar o 2019 con boas sensacións.

Co aprazamento do resto de encontros da categoría, Ensino Lugo, que lideraba a clasificación, chega segundo ás vacacións de Nadal cun encontro menos que o líder, Baxi. As de Aigor Romo xogarán o partido pendente ante Ensino Galén o vindeiro 10 de Xaneiro e, de gañar, recuperarán o primeiro posto.

2º

ENSINO LUGO

Trala disputa de nove xornadas as capitalinas, cun partido menos, ocupan a segunda praza con oito triunfos noutros tantos encontros, igual que o líder, Baxi

1

ENCANTRO

Tralo aprazamento de todos os partidos programados para o sábado e o adiamento do duelo entre Baxi e Pontumio ao martes 17, o único do grupo ao longo da fin de semana foi o Franciscanos - Lourenzá

Ría de Ribadeo xa está na seguinte fase

TRAS REMONTAR UN MAL INICIO ante Estudiantes, as mariñas lograron o triunfo que precisaban cunha imparabile Aldara, que se foi ata os 11 puntos e nutriu ás mariñas con asistencias

JÚNIOR 2ª DIV. FEMININO A2

RESULTADOS

Sarria - Terra chá	Apr. 40-46
Ensino - CB Ribadeo	Apr. 40-46
Estudiantes - B. Ferrol	Apr. 40-46

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BAXI FERROL	8	8	0	0	540	308
CB RÍA DE RIBADEO	8	6	2	0	465	352
ENSINO LUGO	8	5	3	0	490	334
ESTUDIANTES	8	4	4	0	475	441
C.B. SARRIA	8	1	7	0	320	560
CB TERRA CHÁ	8	0	8	0	237	522

PRÓXIMA XORNADA

Terra Chá - B. Ferrol
Estudiantes - Ensino
Ría de Ribadeo - CB Sarria

A xornada non comezou ben para Ribadeo, que o venres caía na casa no encontro aprazado contra o líder, Baxi Ferrol, 65-70. Trala suspensión do partido

contra Ensino do sábado polo temporal, as de Jose Vázquez xogaban o domingo ante Estudiantes no Anexo, sabendo que unha vitoria lles garantiría unha praza na seguinte fase.

Os nervios atenuaron ás mariñas de inicio, e as celestes, correndo ao contraataque, lograron un parcial de 10-0. A partir de aí Aldara tomou o mando no xogo, tirou de casta, e Ribadeo igualou o encontro para rematar o primeiro parcial 18-17.

No segundo as de Jose Vázquez comezaron a dominar tamén baixo os aros, con Fátima e Irene, e remontaron para chegar ao descanso xa por diante, 28-32.

Tralo paso polos vestuarios as defensas impuxé-



Aldara, a máis destaca do encontro, ante Irene e Iria

ronse aos ataques, cun parcial de 4-8 que mantíña a Estudiantes no partido e deixaba todo por decidir de cara ao último cuarto, 42-50.

As celestes non baixaron o ritmo e mantivéronse na loita, pero pouco a pouco Ribadeo foi abrindo brecha no marcador, chegando

a poñerse vinte puntos arriba cunha Aldara á que só a freaban as faltas, para finalmente levarse o encontro por 44-59 e conseguir tamén a clasificación para a seguinte rolda a falta dunha xornada por disputarse que terá lugar a fin de semana do 11 de Xaneiro, tralo parón de Nadal.



Irene coa pelota presionada por Cris e Ánxela



Fátima baixo o aro entre as celestes Iria e Irene



A mariña Marta coa pelota na pintura ante Ánxela

CAMPUS

A APSX SAGRADO CORAZÓN celebra os días 26 e 27 de Decembro a oitava edición do seu xa tradicional Campus Comenza de Nadal, dirixido a xogadores e xogadoras nados entre 2002 e 2011, que terá lugar no Polideportivo de Frigsa

Un ano máis a asociación capitalina organiza este curso, que nesta ocasión terá tres modalidades diferentes de inscrición para favorecer así as necesidades e dispoñibilidade dos e das asistentes:

Solo de mañás (de 10:00h a 14:00h): Con adestramentos técnico-tácticos, competición e visitas para grupos reducidos distribuídos por niveis e idades.

Mañá e tarde (de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 17:30h): Con respecto ao anterior, sumarase unha sesión de tarde con adestramentos máis individualizados, incidindo na mellora de cada xogador.

Mañá e tarde con comida (10:00 a 17:30h): Inclúe comida na cafetería do Polideportivo de Frigsa.

Nesta edición, o Campus contará con dous directores técnicos de luxo, Diego Fernández e David Barrio, ambos expertos en formación de xogadores e con experiencia en seleccións e en clubs, nos que traballaron tanto en pista como a nivel de coordinación.

Diego Fernández foi adestrador en Galicia de equipos da Liga EBA e seleccionador galego cadete, e encabeza actualmente un proxecto deportivo de formación en Dinamarca, no Horsholm 79ers Basketball, onde adestra ao primeiro equipo e ao filial.

O leonés David Barrio, pola súa banda, dirixe actualmente ao Cidade de Ponferrada da Liga LEB prata e é un habitual nas convocatorias en varias categorías da Selección Española Feminina.

O prazo de inscrición continúa aberto no email ajsc_lugo@hotmail.com, no que tamén se pode solicitar información acerca de todo o relacionado co Campus Comenza.

CAMPUS COMENZA NADAL

26 — 27
DECEMBRO 2019

POLIDEPORTIVO DE FRIGSA

HORARIOS

De 10 a 14 h — Precio 35€

De 10 a 14 e de 15:30 a 17:30 — Precio 50€

De 10 a 17:30 con comida — Precio 65€

Opción madrugadores +5€

Anos de nacemento de 2002 a 2011

INFO e INSCRICIÓNS

669 544 057
ajsc_lugo@hotmail.com
@AXSC



Diego López Fernández
Horsholm 79ers Basketball



David Barrio
CDP Ciudad de Ponferrada